



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|-------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2018/19 |
| Asignatura (*) | Medio histórico e xeográfico de Galicia e a súa didáctica | Código | 652G02040 | |
| Titulación | Grao en Educación Primaria | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Cuarto | Optativa | 4.5 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación | | | |
| Coordinación | Bas López, María Begoña | Correo electrónico | begona.bas@udc.es | |
| Profesorado | Bas López, María Begoña | Correo electrónico | begona.bas@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | <p>A materia está orientada ao traballo experimental, activo e vivencial, de cara a descubrir e comprender o medio galego, como un recurso didáctico e como unha fonte versátil de aprendizaxe. Preténdese que o alumnado coñeza, deseñe e experimente con recursos, ferramentas e materiais didácticos que lle sexan de utilidade para a súa formación e para a aplicación no currículo de Educación Primaria.</p> <p>Preténdese fomentar a creatividade e a autonomía.</p> <p>Ensáíase, de maneira experimental, a metodoloxía de traballo por proxectos e centros de interese. Así, a materia vana definindo a propia dinámica do curso e os centros de interese do alumnado, polo que se trata dun programa flexible e aberto.</p> <p>Realízanse actividades interdisciplinares, obradoiros, saídas culturais, construción activa de temas, etc.</p> | | | |

| Competencias do título | |
|------------------------|--|
| Código | Competencias do título |
| A4 | Identificar dificultades de aprendizaxe, informais e colaborar no seu tratamento. |
| A5 | Coñecer as propostas e desenvolvementos actuais baseado na aprendizaxe de competencias. |
| A14 | Promover accións de educación en valores orientadas á preparación dunha cidadanía activa e democrática. |
| A16 | Deseñar, planificar e avaliar a actividade docente e a aprendizaxe na aula. |
| A17 | Coñecer e aplicar experiencias innovadoras en educación primaria. |
| A31 | Comprender os principios básicos das ciencias sociais. |
| A32 | Coñecer o currículo escolar das ciencias sociais. |
| A33 | Integrar o estudo histórico e xeográfico desde unha orientación instrutiva e cultural. |
| A34 | Fomentar a educación democrática da cidadanía e a práctica do pensamento social crítico. |
| A35 | Valorar a relevancia das institucións públicas e privadas para a convivencia pacífica entre os pobos. |
| A36 | Coñecer o feito relixioso ao longo da historia e a súa relación coa cultura. |
| A37 | Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes. |
| B1 | Aprender a aprender. |
| B3 | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo. |
| B4 | Traballar de forma autónoma con iniciativa. |
| B5 | Traballar de forma colaborativa. |
| B6 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional. |
| B8 | Capacidade para elaborar discursos coherentes e organizados lóxicamente. |
| B9 | Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita. |
| B13 | Lectura e interpretación de imaxes. |
| B14 | Capacidade para traballar en equipo de forma cooperativa, para organizar e planificar o traballo, tomando decisións e resolvendo problemas, tanto de forma conxunta como individual. |



| | |
|-----|--|
| B15 | Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información. |
| B21 | CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo |
| B22 | CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo |
| B23 | CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética |
| B24 | CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado |
| B25 | CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|--------------------------------------|---|----------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título | | |
| Recoñecer no entorno xeográfico, histórico e cultural galego aqueles recursos metodolóxicos e didácticos mais axeitados para traballar a área do entorno social e cultural galego. | | B1 B3 B13 B15 B21 B23 | |
| Deseñar propostas didácticas sobre o contorno galego dende as perspectivas xeográfica, histórica e/ou cultural, de maneira interrelacionada. | A4 A5 A16 A17 A32 A37 | B4 B5 B8 B9 B14 B22 B24 | C1 C8 |
| Coñecer e comprender algúns temas e momentos principais da evolución histórica de Galicia e a súa relación coa didáctica na Educación Primaria. | A31 A32 A33 A34 | | |
| Coñecer e analizar os contidos referidos ao coñecemento do contorno do currículo de Educación Primaria: a realidade xeográfica, histórica, social e cultural de Galicia como un espazo dinámico. | A32 A33 A36 | B25 | |
| Fomentar actitudes de valoración, respecto e conservación do patrimonio natural, cultural e histórico de Galicia | A14 A34 A35 | B6 | C4 C7 |

| Contidos | |
|----------|----------|
| Temas | Subtemas |



| | |
|---|---|
| <p>Unidade 1: Introducción. O medio histórico e xeográfico nas ciencias sociais: campo de coñecemento e formulación interdisciplinar.</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Fundamentos da materia: que obxectivos nos marcamos? cales son os centros de interese?. - A interdisciplinariedade e o traballo por proxectos na didáctica do medio xeográfico e histórico de Galicia nas estratexias metodolóxicas e recursos didácticos das ciencias sociais. Coñecemento, deseño e avaliación de proxectos innovadores na didáctica das ciencias sociais aplicados ao medio cultural galego. - A avaliación dos coñecementos sociais, obxectivos e medios. As finalidades educativas das ciencias sociais: formación do pensamento social, educación democrática e aprendizaxe de actitudes e valores nunha sociedade multicultural. - O medio cultural e o curriculum escolar da área de ciencias sociais da Xunta de Galicia. |
| <p>Unidade 2. Temas de xeografía física e humana.</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Ensino e aprendizaxe da xeografía, a construción do concepto de espazo xeográfico. - O clima, o relevo, acción humana no medio, etc. - Recursos didácticos para traballar a xeografía de Galicia. |
| <p>Unidade 3. Paisaxes naturais, históricas e culturais.</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Que é a paisaxe? - Iniciación á recolleita de información sobre a paisaxe a partir de imaxes, restos e reconstrucións arqueolóxicas, obras de arte e textos escritos. - Observacións e análise de paisaxes naturais, históricas e culturais. - O patrimonio xeográfico e histórico de Galicia na área do coñecemento do medio social e cultural. - As fontes de información e documentación no entorno. |
| <p>Unidade 4. Evolución dende os primeiros poboadores de Galicia e as súas relacións noutros contextos universais.</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Construindo a prehistoria e historia de Galicia a través de períodos e temáticas seleccionadas para o ensino aprendizaxe da historia, a construción do concepto de tempo histórico e outros conceptos sociais. - A arte e outras manifestacións da comunicación e da creatividade. As manifestacións artísticas e culturais e o seu significado social. - As manifestacións culturais tradicionais traballadas dende o patrimonio material e inmaterial. |
| <p>Unidade 5. Temas monográficos.</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Temas monográficos no discurso da historia e recursos para a didáctica. Nesta unidade traballaranse tópicos concretos que ao longo do curso vaian xurdindo, en base aos centros de interese do alumnado. |

| Planificación | | | | |
|---------------------------------------|--|-------------------|--|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais | A4 B1 | 2 | 0 | 2 |
| Aprendizaxe colaborativa | B5 | 3 | 9 | 12 |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | A17 B6 | 1 | 3.3 | 4.3 |
| Saídas de campo | A33 A34 A35 B1 C4 C7 | 6 | 21 | 27 |
| Proba obxectiva | A31 A32 B3 B13 | 1 | 3 | 4 |
| Obradoiro | A14 A16 A37 B3 B4 B5 B8 B9 B14 B15 B24 B25 C1 C8 | 12 | 43.2 | 55.2 |



| | | | | |
|--|-----------------------------------|---|---|---|
| Sesión maxistral | A5 A31 A32 A33 A36 B21 B22 B23 | 6 | 0 | 6 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado | | | | |

| Metodoloxías | |
|---------------------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Actividades iniciais | Periodica e sistematicamente faranse debates e discusións de ideas previas sobre a motivación, interese e coñecementos con respecto á planificación e desenvolvemento da materia. |
| Aprendizaxe colaborativa | Organización en pequenos grupos para traballar conxuntamente na resolución de tarefas sobre temas que xordan da dinámica da propia materia e temas propostos pola profesora. |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | Realizarase algunha actividade tipo encontro, conferencia, charla, pequeno curso nas que o alumnado terá a oportunidade de actualizar os seus coñecementos e coñecer experiencias relacionadas co ámbito da materia. |
| Saídas de campo | Estas actividades permiten desenvolver as capacidades relacionadas coa observación directa cara á recollida de información do medio xeográfico e histórico galego para a percepción do seu potencial educativo e formador. Son saídas concibidas para o coñecemento do medio cultural no seu máis amplo ámbito, por medio da aprendizaxe directa. As saídas poderán ser a contornos naturais de interese xeográfico, exposicións, museos, xacementos e centros do patrimonio, e teranse en conta as posibilidades e oportunidade para a súa realización. |
| Proba obxectiva | Ao ser unha materia de marcado carácter experimental, didáctico e de traballo colaborativo, realizarase un exercicio simple para que cada alumna/o responda de maneira individual a cuestións traballadas. |
| Obradoiro | Están concebidos como ensaios de experimentación de traballo por proxectos. Dado o carácter didáctico da materia, os obradoiros son de grande interese e son o núcleo central. Materialízanse en debates, exposicións, etc., deseñados e desenvolvidos polo alumnado guiado pola profesora. |
| Sesión maxistral | As explicacións teóricas referiranse ós contidos básicos que forman a estrutura de cada tema, cunha orientación didáctica principalmente. Realizarase co apoio de documentación específica e terá especial incidencia na metodoloxía e na práctica para a didáctica do medio histórico e xeográfico. |

| Atención personalizada | |
|--------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Aprendizaxe colaborativa | O traballo colaborativo e os obradoiros terán un seguimento personalizado para garantir o cumprimento dos obxectivos e prazos así como para resolver dúbidas. |
| Obradoiro | Ademais, o alumnado que se acolla á dispensa académica terá o dereito e a obrigatoriedade dun mínimo de 3 titorías presenciais para facer un seguimento dos seus traballos de curso. |

| Avaliación | | | |
|--------------------------|--|---|---------------|
| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
| Aprendizaxe colaborativa | B5 | Ao longo do curso realizaranse actividades e traballos que serán avaliados como grupo e individualmente. | 30 |
| Proba obxectiva | A31 A32 B3 B13 | Ao ser unha materia flexible que se vai construíndo segundo os centros de interese do alumnado guiado pola profesora, e de marcado carácter experimental, esta proba é un exercicio simple a modo de resumo individual do traballado durante o curso. | 10 |
| Obradoiro | A14 A16 A37 B3 B4 B5 B8 B9 B14 B15 B24 B25 C1 C8 | O deseño, planificación e desenvolvemento dos obradoiros requiren unha participación activa do alumnado. Valorarase a actitude, dedicación, implicación e creatividade. | 40 |
| Saídas de campo | A33 A34 A35 B1 C4 C7 | A asistencia será obrigatoria e puntuará a participación activa, así como nas tarefas previas e posteriores ás mesmas. | 20 |
| Outros | | | |

| Observacións avaliación |
|-------------------------|
| |



Terase en conta a participación activa e dedicación, ademais da adquisición dos coñecementos propios da materia.

O

alumnado que non chegue a unha asistencia do 80%, será avaliado coas mesmas metodoloxías e criterios que o alumnado matriculado a tempo parcial

Ao tratarse dunha materia de marcado carácter práctico e vivencial non se aconsella ao alumnado con matrícula a tempo parcial. Así e todo, o alumnado que se acolla a tempo parcial, deberá realizar un traballo de curso individual e a proba obxectiva, sendo cualificados nun 50% cada unha destas metodoloxías. Para acollerse a esta modalidade, é condición necesaria asistir a titorías (mínimo 3) para facer un seguimento directo da construción do traballo de curso.

Fontes de información

Bibliografía básica

- AA.VV. ((1991-2008)). Galicia. Proxecto Hércules.. A Coruña: Hércules Editorial.
 - Cooper, H. ((2002)). Didáctica de la historia en la enseñanza infantil y primaria. Madrid: MEC-Morata
 - Armas Castro, X. coord. ((2002)). Ensinar Historia de Galicia.. Santiago: ICE
 - Pérez Alberti, A. ((2008)). Espacios naturales de Galicia.. Lundwerg
 - AA.VV. ((1999)). Atlas histórico de Galicia.. Vigo: Nigra Trea
 - Pazo Labrador, A. X. ((2007)). Nocións básicas de xeografía xeral física para mestres: as consecuencias xeográficas dos procesos naturais.. Vigo: Universidade
 - Méndez Fernández, L. ((2000)). Por que se chama así este sitio. Santiago: Lea
 - Castro, X. ((2007)). Historia da vida cotiá en Galicia. Vigo: NigraTrea
 - Andrade Cernadas, J.M. ((1995)). Didáctica de la Hª de Galicia. Tosoaxoutos
 - Aldrey Vázquez, J.A., Lois González, R.C. ((2010)). Breve Xeografía de Galicia. Vigo: A Nosa Terra
 - Carballo, X. ((2007)). Arqueoloxía de Galicia. Itinerarios polo pasado.. Vigo: Nigra Trea
 - Villares, R. ((2004)). Historia de Galicia.. Vigo: Galaxia
 - Rodríguez Troncoso, M. ((2005)). Historia dunha aldea galega. Coas mans encol do lume.. Vigo: Ir Indo
 - Villares, R., Armas, J., et al ((1990)). Historia de Galicia. Textos y materiales para su historia.. Barcelona: Crítica
 - Mariño, X.R. & González, X.M. ((2010)). Diccionario de etnografía e antropoloxía de Galiza.. Vigo: Nigratrea.
 - Egan, K. ((1991)). La comprensión de la realidad en la educación infantil y primaria.. Madrid: Morata
 - Egan, K. (2010). Learning in depth.. Chicago: The University of Chicago Press
 - Piñeira Mantiñán, M.J, e Santos Solla, X.M. (2011). Xeografía de Galicia.. Vigo: Xerais
- Segundo avance o curso e traballando dende os centros de interese e realizando saídas e outras actividades, iranse proporcionando outras fontes de información, ademais das bibliográficas que se irán incrementando.

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

 Trátase dunha materia que se realizará principalmente cunha metodoloxía activa, na que a propia dinámica do curso irá sinalando os centros de interese do alumnado e, en base a estes, iranse concretando temáticas e actividades a realizar. Así, é necesaria a asistencia e participación activa tanto nas sesións maxistras

como nas sesións interactivas e en todas as actividades desenvolvidas no contexto da materia.



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías